

ARTIGO 3º.

Para os efectos previstos da aplicación do coeficiente de situación do artigo seguinte, as vías públicas clasifícanse en 5 categorías fiscais.

ARTIGO 4º.

Sobre as cotas incrementadas por aplicación do coeficiente sinalado no artigo 2º e segundo a categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese o seguinte coeficiente de situación:

Coeficiente de situación aplicable	CATEGORÍA FISCAL VÍAS PÚBLICAS				
	1º	2º	3º	4º	5º
	1,77	1,51	1,25	1,13	1,01

ARTIGO 5º.

As oscilacións en máis ou en menos non superiores ó 20 por 100 dos elementos tributarios non alterarán a contía das cotas polas que estean tributando. Cando as oscilacións de referencia fosen superiores á porcentaxe indicada, estas terán a consideración de variacións para os efectos do disposto no punto segundo do artigo 90.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 6º.

Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ó da aplicación, disfrutarán dunha bonificación igual ó devandito incremento promedio, cun máximo dun 25%, sobre as cotas fixas municipais, sempre que o devandito incremento sexa como mínimo do 10%, a plantilla previa ó incremento sexa igual ou superior a seis traballadores.

Exclúense do disposto neste artigo aqueles traballadores cuxa contratación indefinida fora realizada en execución de sentenza xudicial.

De se volver a solicitar esta bonificación, o número de traballadores inicial non poderá ser inferior ó total, incluídos ós que deron dereito a bonificación, que posuía o suxeito pasivo para a bonificación anteriormente aplicada.

A documentación acreditativa será a seguinte:

- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social da vida laboral da empresa acreditativo dos extremos especificados, individualizado por meses.

A bonificación terá duración exclusivamente anual polo que debe ser solicitada para cada exercicio en que se pretenda a súa aplicación dentro do primeiro semestre. A non presentación da solicitude no prazo establecido implicará a perda da bonificación, sen prexuízo de poder solicitarse novamente para períodos impositivos seguintes.

DISPOSICIÓN FINAL COMÚN

As presentes modificacións de ordenanzas fiscais entrarán en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezarán a aplicarse o 1 de xaneiro de 2017, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 30 de decembro de 2016.- A VICESECRETARIA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, María García Ferro. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA, Ana Prieto Nieto.

R. 4022

Anuncio

En relación co anuncio de licitación da **CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO EDUCATIVO E DE COMEDOR E LIMPEZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS LUÍS SOTO MENOR (LOTE 1) E MARÍA WONENBURGER (LOTE 2). EXPDTE REF: 14-2016**, insertado no BOP núm 137 o xoves día 29/12/2016, e habendose producido un error na transcripción da data da apertura das ofertas, por medio deste anuncio rectificase, quedando como segue o punto 9.d):

"9.- Apertura das ofertas.**d) Data e hora:** 01/02/2017 ás 12:00 horas"

Este anuncio non modifica a data límite de presentación de ofertas.

Lugo, 29 de decembro de 2016.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4024

MONTERROSO*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2017, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para o exercicio, en cumprimento do disposto no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 02/2004, de 05 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles –que comezará a contarse dende o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Alcalde – Presidente desta Corporación.

Monterroso, 20 de decembro de 2016.- **O ALCALDE**, Miguel Rico Gómez.

R. 3948

MURAS*Anuncio*

Aprobado definitivamente o expediente de Modificación de Créditos nº 7/2016 dentro do vixente orzamento municipal, por importe de cento oitenta e catro mil novecentos euros (184.900.00), en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que despois do referido expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos e do estado de ingresos do orzamento queda da seguinte forma:

Estado de ingresos

Capítulo	Consignación anterior	Modificación	Total resultante
1	1.036.000,00	-----	1.036.000,00
2	6.000,00	-----	6.000,00
3	133.719,33	-----	133.719,33
4	745.392,85	-----	745.392,85
5	2.100,00	-----	2.100,00
6	0,00	-----	0,00
7	497.999,07	-----	497.999,07
8	63.000,00	38.000,00	101.000,00
9	--	-----	--
Totais	2.484.211,25	38.000,00	2.522.211,25

Estado de gastos

Capítulo	Consignación anterior	Modificación	Total resultante
1	444.319,68	1.600,00	445.919,68
2	1.011.360,50	105.300,00	1.111.660,50
3	---	--	--
4	216.500,00	-100.000,00	116.500,00
5	---	---	---
6	812.031,07	31.100,00	843.131,07
7	---	-----	-----
8	---	-----	-----
9	---	-----	-----
Totais	2.484.211,25	38.000,00	2.522.211,25

Murás, 29 de decembro de 2016.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo

R. 4025